



Centristas de Carballo

Moción que presenta o Grupo Municipal de Terra Galega de Carballo, para a súa inclusión na orde do día da próxima sesión plenaria, para o seu debate e aprobación, ao abeiro do establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o Real Decreto 2568/1986 de Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 97.3:

## **MOCIÓN PARA DESTINAR O SUPERÁVIT DO ORZAMENTO DE 2017 Á SUBSTITUCIÓN DE TUBAXES DE FIBROCEMENTO**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Nas últimas semanas, volvemos sufrir numerosas roturas de tubaxes de fibrocemento en varias rúas do casco urbano, o que ocasiona, ademais de moitas molestias, danos cuantiosos a negocios e particulares. Un exemplo, o acontecido no garaxe da r/ Barcelona.

Segundo o Concelleiro de Obras e Servizos, estas averías son consecuencia dunha bolsa de aire, que por desgraza conta coa axuda inestimable dunhas tubaxes de fibrocemento moi vellas e sensibles á presión. Na actualidade, existen 33 km de rede con canalizacións de fibrocemento. Cambialas, supoñería, segundo o Sr. Lamas Álvarez, investir 7 millóns de euros, practicamente o equivalente ao remanente de tesousería do Concello de Carballo.

O Sr. alcalde, Evencio Ferrero, explicou que non se pode destinar toda esta cuantía a obras porque o impide a Lei de Sostenibilidade Orzamentaria. Poderíase aportar como tope o equivalente ao superávit orzamentario.

Dende o grupo municipal de TeGa, pensamos que cobran importancia as nosas críticas sobre os informes emitidos polo Comité de Expertos do Ciclo Integral da Auga.

Chegamos a dicir deses dous informes que “xa non merecen nin a catalogación de informes”.

No seu día, denunciámos que nos informes técnicos non se motivaba a puntuación dada ás melloras, é dicir, non se poñen por escrito as razóns dadas polos técnicos nas mesas de contratación nas que se debatiu sobre o informe técnico, precisamente o que pediamos dende Terra Galega.

Os técnicos non entraron a valorar as melloras, se o son ou non. Só se centraron no que sumaban as cuantías económicas.

Dende o noso punto de vista, gañou unha empresa á que se lle valoraron unhas melloras que non eran melloras en infraestrutura, senón de funcionamento e comunicación interna, e que as demais empresas licitadoras xa as levaban implícitas na documentación técnica.

O tempo está demostrando que uns nefastos pregos, informes sen motivar, etc...traen como consecuencia que non se apliquen melloras recollidas no Plan Director.

Convén recordar que boa parte das melloras recollidas no Plan Director tiñan por obxecto a reposición de tubaxes de fibrocemento, precisamente nestas rúas que están sufrindo roturas con tanta frecuencia.


No Pleno celebrado o día 25 de setembro de 2017, preguntámoslle ao Sr. Lamas Álvarez, Concelleiro delegado de Obras e Servizos, se podía explicarnos que teñen de diferente os 330 metros de tubaxes de fibrocemento que se van substituír, sen facer unha actuación integral, na zona do Polígono Industrial de Bértoa, con respecto a outras zonas de Carballo que van seguir padecendo roturas ata que haxa proxectos e cartos para facer unha actuación integral?, e tamén, se reflexionou o goberno, e agora van cambiar as tubaxes de fibrocemento onde rompa sen facer actuación integral coma lle levamos recomendando de Terra Galega?

Como nada se fixo ao respecto, pese a que presentamos preguntas sobre este asunto en varios plenos (en 2016, nos celebrados os días 25 abril, 31 de outubro e 28 de novembro, e en 2017, nos celebrados os días 28 de xuño e 4 e 25, ambos de setembro), o Grupo Municipal de Terra Galega no Concello de Carballo, solicita ao Pleno, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Destinar o superávit orzamentario de 2017 a un plan de substitución de tubaxes de fibrocemento pois aos efectos do disposto na disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financieira, cumpre con todos os requisitos establecidos para poder definila como inversión financeiramente sostible.

2.- No plan de substitución de tubaxes de fibrocemento terán prioridade as rúas que máis averías sufriron nos últimos anos.

Carballo a, 14 de febreiro de 2018

  
Asdo.: Estefanía Canosa Castiñeira  
Voceira de Terra Galega Carballo

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CARBALLO**